

CARACTERÍSTICAS DO PARO REXISTRADO NA COMARCA TERRA DE SONEIRA. Ano 2018


Este estudo elabórase en base ós datos aparecidos na páxina web do Instituto Galego das Cualificacións, dependente da Xunta de Galicia, tendo en conta distintos indicadores do mercado laboral que fan referencia tanto ó paro rexistrado como ás contratacións realizadas na comarca.

O desemprego rexistrado na Comarca de Terra de Soneira no ano 2018 foi do **1.42% do desemprego rexistrado na provincia**, porcentaxe inferior ó dos últimos cinco anos: 2017 (1.44%), 2016 (1.51%), 2015 e 2014 (1.57% en cada un deles) e 2013 (1.70%). Isto amosa que o desemprego na provincia creceu a un ritmo un pouco máis alto que na comarca durante o ano 2018.

Atendendo á demanda de emprego por concellos, inscritos en decembro do 2018, Vimianzo conta cun 40.43% (39.96% no 2017) dos inscritos na comarca, Camariñas cun 37.17% (35.86% no 2017) e Zas cun 22.40% (24.18% no 2017). Este ano cómpre destacar que aumentou o porcentaxe de persoas desempregadas nos concellos de Vimianzo (0.47%) e Camariñas (1.31%) e descendeu no de Zas (-1.78%). No ano 2017 aumentara en Vimianzo e Zas e descendera en Camariñas.

O desemprego comarcal segundo a idade e o sexo

O paro da comarca ó longo do ano 2018 segue a mesma tendencia en homes e mulleres. Diminúe en ambos sexos o número de persoas desempregadas no segundo e terceiro trimestre para aumentar de novo no derradeiro trimestre do ano.



O desemprego afecta máis ás mulleres, acadando unha media porcentual do 59.23%, (percentaxe idéntico ó do ano 2017 e 56.83% no 2016). No caso dos homes a media porcentual sitúase no 40.77% (igual que no 2017 e 43.17% no 2016),

producíndose a máxima diferenza porcentual a favor dos homes (maior percentaxe de desempregados no trimestre respecto do número de persoas desempregadas sen ter en conta a variable sexo) no primeiro trimestre do ano e a favor das mulleres no terceiro. O desemprego tanto masculino como feminino sitúase nos mesmos percentaxes do ano anterior. A media trimestral delas foi de 580 paradas, dato inferior á media trimestral do ano anterior (641). Os homes desempregados presentan unha media de 399, sensiblemente inferior ós 441 de media trimestral do ano 2017.

Cadro nº1: DESEMPREGADOS POR SEXO


2018	Homes	Mulleres	TOTAL	PROVINCIA
Primeiro	438	621	1059	73362
Segundo	394	562	956	68269
Terceiro	359	559	918	66646
Cuarto	405	577	982	66691

Cadro nº 2: DESEMPREGO POR GRUPOS DE IDADE

	- 25 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
PRIMEIRO	35	160	211	288	365	1059
SEGUNDO	45	132	189	253	337	956
TERCEIRO	44	135	179	229	331	918
CUARTO	36	141	204	258	343	982

Se facemos tres grandes grupos de idade observamos que os **maiores porcentaxes de desempregados se sitúan nos grupos de maiores de 45 anos**

cunha media do 61.40% (60.54% no 2017 e 57.93% no 2016) e **no grupo de entre 25 – 44 anos** cunha media do 34.51% do paro rexistrado (35.56% no 2017 e 37.40% no 2016). Por outra banda, os menores de vinte e cinco anos acadaron de



media un 4.09% do desemprego comarcal (3.90% no 2017 e 4.67% no 2016). Este ano ó igual que nos dous anos anteriores o porcentaxe de desemprego aumentou nos maiores de 45 anos, (0.86% no 2018 respecto do ano anterior) descendendo no grupo de entre 25-44 anos (-1.05%) . Os menores de vinte e cinco anos aumentaron respecto do ano 2017 (0.19%) descendendo en relación cos datos do 2016.


Cadro nº3: DESEMPREGO FEMININO POR GRUPOS DE IDADE

	- 25 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
PRIMEIRO	15	95	146	191	174	621
SEGUNDO	18	84	135	162	163	562
TERCEIRO	25	77	134	157	166	559
CUARTO	15	76	141	175	170	577

Cadro nº 4: DESEMPREGO MASCULINO POR GRUPOS DE IDADE

	- 25 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
PRIMEIRO	20	65	65	97	191	438
SEGUNDO	27	48	54	91	174	394
TERCEIRO	19	58	45	72	165	359
CUARTO	21	65	63	83	173	405

O **paro feminino** caracterízase por acadar o mesmo porcentaxe respecto do ano anterior. De novo as mulleres son maioría entre as persoas desempregadas, seguindo a tendencia




de anos anteriores só rachada polos datos do 2012 e 2013 no que o porcentaxe de homes desempregados superaba o de mulleres. **O maior número de desempregadas atopámolas nos grupos de idade que van dos 45 - 54 anos e o de maiores**

de 55. A maior diferenza a favor das mulleres respecto dos homes observámola no grupo de máis de 55, aínda que este grupo está a aumentar o seu peso porcentual.

Os maiores porcentaxes de **homes** desempregados sitúanse **nos grupos de máis de 55 anos, seguido do grupo de 45 - 54 anos.**

O período de descenso do paro durante os meses de verán afecta especialmente ós desempregados de 45 - 54 anos. No 2017, os grupos nos que descendía máis o paro no terceiro trimestre eran o de 35 - 44 anos e o de 45 - 54 anos.



O nivel de instrución e desemprego



O nivel de instrución dos demandantes de emprego é moi baixo. Atopamos unha media dun 59% (59.63% no 2017 e 61.10% no 2016) de persoas desempregadas que non teñen rematada a ensinanza obrigatoria. Un 23.52% (23.30% no 2017 e 23.36% no 2016) só teñen a ensinanza obrigatoria e soamente un 3.75% (3.48% no 2017 e 3% no 2016) de demandantes de emprego posúen titulación universitaria.

Atopamos neste ano que aumentou o porcentaxe de persoas desempregadas con formación media (0.14% máis que no 2017), e o de titulación superior (0.27 puntos). O paro segue a afectar maioritariamente ós desempregados sen ESO.

Cadro nº5: DESEMPREGO POR NIVEL DE INSTRUCCIÓN

	PRIMEIRO		SEGUNDO		TERCEIRO		CUARTO	
	H	M	H	M	H	M	H	M
UNIVERSITARIOS	5	29	4	33	9	33	8	26
BUP/BACHARELATO SUPERIOR/COU	9	22	6	20	3	20	4	20
FORMACIÓN PROFESIONAL	40	75	29	70	32	78	35	74
ENSINANZA OBRIGATORIA	71	176	67	155	56	158	69	169
ATA CERTIFICADO ESCOLARIDADE *	313	319	288	284	259	270	289	288
TOTAL	438	621	394	562	359	559	405	577

* Inclúe certificado de escolaridade, estudos primarios sen certificado e sen estudos.





O desemprego por sectores económicos


Cadro nº6: DESEMPREGO POR SECTORES ECONÓMICOS

	1º Trimestre			2º Trimestre			3º Trimestre			4º Trimestre		
	M	H	TOTAL	M	H	TOTAL	M	H	TOTAL	M	H	TOTAL
SECTOR PRIMARIO	24	48	72	22	40	62	24	38	62	24	38	62
SECTOR SECUNDARIO	135	51	186	114	45	159	110	36	146	131	42	173
SECTOR CONSTRUCCIÓN	20	161	181	16	142	158	14	118	132	13	136	149
SECTOR SERVICIOS	397	165	562	371	153	524	370	151	521	372	181	553
SEN EMPREGO ANTERIOR	45	13	58	39	14	53	41	16	57	37	8	45
CON EMPREGO ANTERIOR	576	425	1001	523	380	903	518	343	861	540	397	937
Total	621	438	1059	562	394	956	559	359	918	577	405	982

Máis do 94% das persoas desempregadas da Terra de Soneira son traballadores con experiencia profesional e, polo tanto, menos dun 6% é demandante de primeiro emprego. Aumenta no 2018 un 1% as persoas que traballaron con anterioridade respecto dos anos 2017, 2016 e 2015 que tiñan idéntico porcentaxe. Se analizamos os datos tendo en conta a variable sexo, observamos que o porcentaxe de mulleres desempregadas en busca de primeiro emprego é sensiblemente superior ó porcentaxe de homes nesta situación.





Os sectores con maior cantidade de persoas desempregadas son o sector servizos e o sector secundario, continuando a mesma pauta do ano anterior. Atendendo á evolución por trimestres observamos, nos tres primeiros, unha diminución no número de parados en tódolos sectores con respecto ó trimestre anterior agás no sector primario, no que se mantén o mesmo número de persoas desempregadas no terceiro trimestre respecto do segundo. No derradeiro trimestre do ano aumenta o número de persoas en procura de emprego en tódolos sectores respecto do trimestre anterior agás, de novo, no sector primario no que atopamos os mesmos datos que no segundo e terceiro trimestre do ano.



Se temos en conta a variable sexo, o comportamento do desemprego nos distintos sectores varía considerablemente. En canto ós homes, o maior número de desempregados atopámolo no sector servizos, seguido da construción, a continuación situaríanse os sectores secundario e primario.


Se avaliamos os datos das mulleres o maior número de desempregadas atopámolo no sector servizos, seguido a bastante distancia do sector secundario. O número de mulleres desempregadas no sector primario e na construción é moi baixo en comparación cos outros sectores de actividade, isto débese ó feito de que as mulleres non soen demandar traballo nestes sectores.



A contratación na comarca por sectores económicos

Cadro nº 7: CONTRATACIÓN POR TRIMESTRE E SECTOR ECONÓMICO

	1º Trimestre			2º Trimestre			3º Trimestre			4º Trimestre		
	M	H	Total	M	H	Total	M	H	Total	M	H	Total
SECTOR PRIMARIO	14	76	90	15	106	121	11	72	83	7	77	84
SECTOR SECUNDARIO	34	26	60	47	37	84	24	48	72	58	34	92
SECTOR CONSTRUCCIÓN	4	117	121	5	152	157	4	124	128	1	138	139
SECTOR SERVICIOS	414	227	641	435	289	724	535	468	1003	363	281	644
TOTAL	466	446	912	502	584	1086	574	712	1286	429	530	959



No gráfico da evolución da contratación por sectores económicos obsérvase que esta aumenta no segundo trimestre en tódolos sectores. No terceiro trimestre (época de verán) aumenta a contratación considerablemente no sector servizos, mentres que descende no resto de sectores, especialmente no sector primario,


respecto do trimestre anterior. Os datos máis positivos neste trimestre atopámoslos no

sector servizos (279 contratos máis no terceiro trimestre que no segundo). Esta alza no sector servizos fai que este sexa, con moita diferenza, o trimestre no que atopamos un maior número de contratacións en todo o ano. No cuarto trimestre prodúcese un aumento nas contratacións en tódolos sectores, agás no sector servizos, respecto do trimestre anterior. Aínda que só descende o número de contratos no sector servizos, a diminución é moi significativa (359 contratos menos que no trimestre anterior). O trimestre do ano onde se producen menos contratacións no 2018 sería o primeiro.


Na contratación que se efectúa na comarca este ano destaca o seu carácter maioritariamente masculino 53.55% (52.89% no 2017 e 53.27% no 2016). As contratacións femininas representan o 46.45% (47.11% no 2017 e 46.73% no 2016). Este ano cómpre destacar que continúa a tendencia do 2017, descendeu respecto do ano anterior o porcentaxe de contratos femininos (-0.66%). Os sectores máis masculinizados son o primario e a construción. Os sectores nos que o número de contratacións das mulleres supera ó dos homes son o sector secundario e, especialmente, o sector servizos.

Se avaliamos a contratación por trimestres vemos que, durante o 2018, **os homes se incorporan ó mercado de traballo en maior número que as mulleres en tódolos trimestres do ano agás no primeiro**. A menor diferenza entre o número de contratacións tendo en conta a variable sexo témola no primeiro trimestre do ano (20 contratos máis de mulleres) mentres que as maiores diferenzas se producen no terceiro (época de verán) cunha diferenza de 138 contratos a favor dos homes. Se comparamos estes datos cos do 2017 vemos que continúa a mesma tendencia xa que os homes se incorporaban ó mercado de traballo en maior número que as mulleres en tres trimestres do ano.


Evolución da contratación




O primeiro trimestre, como xa se comentou, destaca por ser o único trimestre do ano no que o número de contratos femininos supera ós masculinos. Os mellores datos nas mulleres atopámoslos, por moita diferenza, no sector servizos. No caso dos homes o maior número de contratos corresponden ó sector servizos seguido da construción e o sector primario. Os homes superan ás mulleres nos sectores primario e da construción mentres que no sector servizos e secundario priman o número de contratos femininos sobre os masculinos.



Neste segundo trimestre as contratacións masculinas superan xa ás femininas. Por sectores os homes son máis contratados nos sectores primario e construción, polo tanto, as mulleres superan ós homes nos sectores secundario e servizos. A presenza das mulleres no sector da construción é insignificante (5 contratos fronte a 152 dos homes).



Como se pode observar neste terceiro trimestre, coincidindo cos meses de verán, é no que se rexistran maior número de contratacións en todo o ano. Neste período é no que se produce a maior diferenza entre o número de contratacións masculinas e femininas, (138) a favor dos homes. O número de contratacións masculinas supera ás femininas en tódolos sectores de actividade agás no sector servizos.



No cuarto trimestre as mulleres lideran as contratacións no sector secundario e no sector servizos con respecto dos homes. Aumentan o número de contratos en tódolos sectores respecto do trimestre anterior agás no sector servizos. O forte descenso neste sector fai que este sexa o trimestre co segundo menor número de contratacións de todo o ano.

As ocupacións máis contratadas e demandadas.

Para esta análise collemos as 10 ocupacións nas que se realizan máis contratacións cada mes por sexo e agrupámolas por trimestres.

Cadro nº 8: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS NA COMARCA. MULLERES

	1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre	4º Trimestre
CAMAREIROS ASALARIADOS	80	115	175	83
AXUDANTES DE COCIÑA	64	67	74	54
AUXILIARES DE ENFERMERÍA HOSPITALARIA	53	39	30	22
TRABALLADORES DOS COIDADOS PERSOAIS A DOMICILIO	35	21	19	22
PEÓNS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	28	28	12	
PERSONAL DE LIMPEZA DE OFICINAS, HOTEIS E OUTROS ESTABLECEMENTOS SIMILARES	27	16	28	27
VENDEDORES EN TENDAS E ALMACÉNS	22	28	20	19
XASTRES, MODISTAS, PELETEIROS E SOMBREIREIROS	13			
COIDADORES DE NENOS EN GARDERÍAS E CENTROS EDUCATIVOS	11			
ENFERMEIROS ESPECIALIZADOS (AGÁS MATRONOS)	8			
ARQUIVISTAS E CONSERVADORES DE MUSEOS		22		
COCIÑEIROS ASALARIADOS		17	14	22
OUTRAS OCUPACIÓNS ELEMENTAIS		13	8	
MONITORES DE ACTIVIDADES RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO			8	8
EMPREGADOS ADMINISTRATIVOS CON TAREFAS DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES			8	12
OUTRO PERSONAL DE LIMPEZA			8	
TRABALLADORES DAS INDUSTRIAS DO PEIXE				32

No caso das mulleres, entre as ocupacións máis contratadas (17), idéntico número que no 2017, atopamos tres grupos:

1. Aquelas ocupacións que aparecen entre as dez primeiras durante tódolos trimestres ou en tres polo menos: camareiros asalariados; axudantes de cociña; auxiliares de enfermería hospitalaria; traballadores dos coidados persoais a domicilio; peóns das industrias manufactureiras; personal de limpeza de oficinas,

hoteis e outros establecementos similares; vendedores en tendas e almacéns; cociñeiros asalariados. Estas ocupacións constitúen o 47.06% das ocupacións analizadas, idéntico porcentaxe que no 2017.

2. Ocupacións que só destacan nun trimestre: xastres, modistas, peleteiros e sombreireiros; coidadores de nenos en garderías e centros educativos; enfermeiros especializados (agás matronos); arquivistas e conservadores de museos; outro persoal de limpeza; traballadores das industrias do peixe.
3. Ocupacións que destacan nun par de trimestres: outras ocupacións elementais; monitores de actividades recreativas e de entretemento; empregados administrativos con tarefas de atención ó público non clasificados baixo outras epígrafes.

Dos datos anteriores de ocupacións máis contratadas entre as mulleres chámamos a atención sete epígrafes: auxiliares de enfermería hospitalaria; xastres, modistas, peleteiros e sombreireiros; coidadores de nenos en garderías e centros educativos; enfermeiros especializados (agás matronos); arquivistas e conservadores de museos; outras ocupacións elementais; monitores de actividades recreativas e de entretemento.

Respecto da ocupación auxiliares de enfermería hospitalaria as contratacións prodúcense ó longo de tódolos meses do ano (agás xaneiro), única e exclusivamente no concello de Vimianzo. Á vista destes resultados podemos concluír que probablemente os contratos se correspondan co xeriátrico de Vimianzo e coa empresa Reacteda que xestiona principalmente servizos de axuda a domicilio polo que estaríamos seguramente ante un erro de codificación e no caso destes contratos sería máis exacto computa-las contratacións co código coidadores de persoas con discapacidade e/ou dependencia en institucións, no caso das contratacións do xeriátrico e o de traballadores dos coidados persoais a domicilio no caso da empresa Reacteda.

A ocupación xastres, modistas, peleteiros e sombreireiros destacámola porque volve aparecer tras un ano de ausencia aínda que só a atopamos entre as máis contratadas no primeiro trimestre con 13 contratacións, 9 no concello de Vimianzo e 4 no de Zas.

En relación coa ocupación de coidadores de nenos en garderías e centros educativos atopamos 4 contratacións que se producen no mes de xaneiro, 3 delas en Vimianzo e unha en Zas e 7 no mes de febreiro, 5 en Zas, unha en Camariñas e unha en Vimianzo. Aínda que os datos poden ser reais chámamos a atención o número de contratacións tendo en conta as escolas infantís que existen nos concellos da comarca e que se produzan en meses nos que non se inicia o curso escolar.

As contratacións da ocupación enfermeiros especializados (agás matronos) prodúcense nos meses de febreiro e marzo (4 contratos asinados en cada un) no concello de Vimianzo. Á vista destes resultados podemos concluír que probablemente os contratos se correspondan co xeriátrico de Vimianzo.

En relación coa ocupación arquivistas e conservadores de museos cómpre sinalar que é a primeira vez que aparece entre as máis contratadas da comarca. Tentando analizar a orixe destes datos observamos que as 22 contratacións se producen no mes de xuño todas elas en Camariñas. Estas contratacións realizáronse para o Museo do Encaixe e o Museo de Man días puntuais para substituír nas fins de semana, períodos vacacionais ou días libres ó persoal titular dos museos.

A epígrafe outras ocupacións elementais (9490) tamén nos chama a atención porque é a quinta vez que a atopamos na comarca. Tentando pescudar a que tipo de contratacións fai referencia este código observamos que estas se producen no segundo e terceiro trimestre, repartidas nos meses de maio (8), xuño (5), xullo (4) e setembro (4). Desagregando os datos por concellos para tentar atopar máis información temos os seguintes datos: Camariñas 5 contratos (4 maio, 1 xuño), Vimianzo 8 contratos (1 maio, 2 xuño, 3 xullo, 2 setembro) e Zas 8 contratos (3 maio, 2 xuño, 1 xullo, 2 setembro). Segundo a clasificación de ocupacións empregada polo Instituto Galego das Cualificacións na súa codificación, (CNO), segundo a orde estrutural, o grupo 9 corresponde a traballadores non cualificados. Dado que o volume de contratos é pequeno en cada un dos meses e está repartido entre os tres concellos da comarca é imposible para nós saber exactamente a que sector ou sectores corresponderían estes contratos.

Por último destacar a ocupación monitores de actividades recreativas e de entretemento con 16 contratos, 8 en xullo e 8 en outubro repartidos do seguinte xeito: Vimianzo 8 contratos (6 en xullo e 2 en outubro), Zas 3 contratos (2 en xullo e 1 en outubro) e Camariñas 5 contratos todos eles no mes de outubro. As contratacións do mes de xullo, inicio do verán, consideramos que poden ser para actividades organizadas polos concellos (campamentos e actividades lúdicas ou culturais). Os contratos do mes de outubro serían para as actividades culturais e deportivas ofertadas polos concellos durante o curso escolar.

Cadro nº 9: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS NA COMARCA. HOMES

	1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre	4º Trimestre
CAMAREIROS ASALARIADOS	130	165	264	165
CARPINTEIROS (AGÁS EBANISTAS)	41	50	57	61
ALBANEIS	32	28	18	10
PESCADORES DE AUGAS COSTEIRAS E AUGAS DOCES	18	33	16	31
CONDUTORES ASALARIADOS DE CAMIÓN	15	10	26	15
MARIÑEIROS DE PONTE, MARIÑEIROS DE MÁQUINAS E AFÍNS	13		11	9
PESCADORES DE ALTURA	10			
CONDUTORES ASALARIADOS DE AUTOMÓBILES, TAXIS E FURGONETAS	9		12	
PEONS DA PESCA	8	11		14
SOLLADORES, COLOCADORES DE PARQUÉ E AFÍNS	7	10		21
FONTANEIROS	7			13
OPERADORES DE MAQUINARIA AGRÍCOLA MÓBIL		11		10
PEONS DA CONSTRUCCION DE EDIFICIOS		10		
PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS		10		
COMPOSITORES, MÚSICOS E CANTANTES			14	
CONDUTORES DE AUTOBUSES E TRANVÍAS			14	
TRABALLADORES CUALIFICADOS EN ACTIVIDADES FORESTAIS E DO MEDIO NATURAL			11	
PEONS FORESTAIS E DA CAZA			11	

En canto ós homes, nas ocupacións máis contratadas (18), (19 no 2017) atopamos 3 grupos pero só coincide unha ocupación (camareiros asalariados) coas máis contratadas entre as mulleres (dúas no 2017) polo que apreciamos claramente a segregación horizontal das ocupacións e contratacións por sexo.

1. Aquelas ocupacións que aparecen entre as dez primeiras durante tódolos trimestres ou en tres polo menos: camareiros asalariados; carpinteiros (agás ebanistas); albaneis; pescadores de augas costeiras e augas doces; condutores asalariados de camiós; mariñeiros de ponte, mariñeiros de máquinas e afíns; peóns da pesca; solladores, colocadores de parqué e afíns. Estas ocupacións constitúen o 44.44% das ocupacións analizadas (36.84% no 2017).
2. Ocupacións estacionais que só destacan nun trimestre: pescadores de altura; peóns da construción de edificios; peóns de obras públicas; compositores, músicos e cantantes; condutores de autobuses e tranvías; traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural; peóns forestais e de caza.
3. Ocupacións que destacan nun par de trimestres: condutores asalariados de automóviles, taxis e furgonetas; fontaneiros; operadores de maquinaria agrícola móbil.

Dos datos anteriores das ocupacións máis contratadas entre os homes chámamos a atención seis epígrafes: carpinteiros (agás ebanistas); solladores, colocadores de parqué e afíns; fontaneiros; operadores de maquinaria agrícola móbil; compositores, músicos e cantantes; traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural.

No caso da ocupación de carpinteiros (agás ebanistas) atopamos 209 contratacións. Analizando os datos por meses e concellos vemos que se producen contratos en tódolos meses no concello de Vimianzo (200), en 3 meses no concello de Zas totalizando 6 contratos e 3 meses tamén en Camariñas (3 contratos en total). Esta ocupación estaba tamén entre as máis contratadas no 2017 con 224 contratacións. Aínda que descende algo a cantidade, continúa a tendencia dun número moi significativo de contratos asinados neste 2018. Pensamos que este boom na contratación pode estar vinculado á reactivación no sector da construción nos concellos da zona e á construción do parador de Muxía dado que contrataron moitas empresas da comarca para traballos relacionados co acabado de edificios co que estas tiveron que reforza-los seus cadros de persoal en momentos puntuais.

Outra ocupación a analizar é a de solladores, colocadores de parqué e afíns. Temos 38 contratacións repartidas no primeiro, segundo e cuarto trimestre do ano (en 7 dos 9 meses). Por concellos en Vimianzo se realizaron 37 contratos (4 xaneiro, 3 marzo, 6 maio, 4 xuño, 8 outubro, 6 novembro e 6 decembro) e un no de Zas (novembro). Esta ocupación non aparecía no 2017 entre as máis contratadas polo que o número de contratacións deste ano podería ser consecuencia da reactivación no sector da construción nos concellos da zona e á construción do parador de Muxía ao igual que no caso da ocupación de carpinteiros (agás ebanistas).

En terceiro lugar analizamos a ocupación de fontaneiros. Este ano figura entre as máis contratadas no primeiro e derradeiro trimestre do ano (no 2017 en tódolos trimestres do ano). No 2018 temos 20 contratos asinados fronte ós 46 do 2017 polo que observamos que o descenso no número de contratacións da ocupación foi moi significativo. No concello de Camariñas asináronse 19 contratos (4 en xaneiro, 3 en marzo, 7 en outubro e 5 en novembro) e un no concello de Vimianzo nos mes de outubro.

Respecto da ocupación operadores de maquinaria agrícola móbil atopamos 21 contratacións repartidas entre o segundo e cuarto trimestre. No mes de maio asínanse 7 contratos, 5 en Vimianzo e 2 en Zas, en xuño 4 contratos en Vimianzo, en outubro 6 en Vimianzo e 1 en Camariñas e en decembro 3 en Vimianzo. Pensamos que poden ser contratacións na súa maioría vinculadas a concellos para traballos de desbroces, limpeza de camiños, beiravías...


En relación coa ocupación de compositores, músicos e cantantes chámamos a atención este ano porque só a atopamos entre as máis contratadas nun mes (xullo con 14 contratos) fronte aos 7 meses do 2017 e 82 contratacións o que reflicte un amplo descenso respecto do ano anterior. No 2018 dos 14 contratos asinados 6 corresponden a Camariñas, 4 a Vimianzo e 4 a Zas. Polo mes de contratación fainos pensar que estaríamos ante contratacións seguramente de tipo estacional para a temporada de verán.

Finalmente a ocupación traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural. Aparece entre as máis contratadas no terceiro trimestre do ano con 11 contratos asinados, 10 no concello de Vimianzo (7 en xullo e 3 en setembro) e un no concello de Zas no mes de setembro. Consideramos que, na súa maioría, estas contratacións estarían vinculadas ás cuadrillas de extinción de incendios municipais ou, puntualmente, algunha contratación para traballos de reforestación, desbroces, limpeza forestais...

Á vista dos anteriores resultados podemos concluír que as ocupacións e sectores nos que se producen o maior número de contratacións adoitan ser bastante estables ó longo do ano. Entre as 10 ocupacións nas que se produce un maior número de contratos en cada trimestre, que ó final do ano da lugar a 17 ocupacións no caso das mulleres e 18 no caso dos homes, só coinciden homes e mulleres nunha (dúas no 2017), o que reflicte a segregación horizontal por sexos xa apuntada.


Cadro nº 10: DEMANDAS DE EMPREGO DOS PARADOS. MULLERES.

	1ºTRIMESTRE	2ºTRIMESTRE	3ºTRIMESTRE	4ºTRIMESTRE
Persoal de limpeza ou limpador, en xeral	314	266	252	278
Dependentes de comercio, en xeral	179	158	157	169
Mozos de recollida de lixos - vertedoiros	157	144	133	156
Peóns de obras públicas, en xeral	121	104	106	124
Peóns forestais	91	79	71	90
Caixeiros de comercio	91	83	82	84
Pinches de cociña	85	75	80	79
Repoñedores de hipermercado	78	72	74	75
Camareiros de pisos (hostalería)	74		56	73
Asistentes domiciliarios	73	65		60
Empregados administrativos, en xeral		65	64	




Cadro nº 11: DEMANDAS DE EMPREGO DOS PARADOS. HOMES.

	1ºTRIMESTRE	2ºTRIMESTRE	3ºTRIMESTRE	4ºTRIMESTRE
Peóns de obras públicas, en xeral	179	155	139	152
Albaneis	129	100	92	105
Peóns forestais	125	110	89	107
Peóns da construción de edificios	115	102	93	105
Mozos de recollida de lixos - vertedoiros	111	98	88	95
Condutores de furgonetas ata 3.5 T	46	45	36	48
Condutores de camiións, en xeral	42	39	32	40
Encofradores	41	39	33	40
Traballadores de retén de incendios forestais	37			32
Persoal de limpeza ou limpador, en xeral	34	31	30	
Mozos de carga e descarga, almacén e / ou mercado de abastos		31	22	
Carpinteiros, en xeral				30



Cadro nº 12: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS E DEMANDADAS NA COMARCA

	CONTRATOS			DEMANDAS		
	MULLERES	HOMES	TOTAL	MULLERES	HOMES	TOTAL
PEÓNS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	68		68			
SERVIZOS A PERSOAS DEPENDENTES	108		108	66		66
OCUPAC. RELACIONADAS CO COMERCIO	89		89	326		326
OCUPAC. RELACIONADAS COA RESTAURACIÓN	765	724	1489	80		80
OCUPAC. RELACIONADAS COA LIMPEZA	106		106	345	32	377
OCUPACIÓNS AGROFORESTAIS		43	43	83	142	225
TRANSPORTE E MANTEMENTO DE VEHÍCULOS		101	101		109	109
OCUPACIÓNS DE TIPO ADMINISTRATIVO	20		20	64		64
OCUPACIÓNS ALIMENTARIAS	32		32			
MANTEMENTO VÍAS, LIMPEZA PRAIAS E CONDUTORES DE MAQUINARIA DE TERRAS		10	10	261	254	515
ACTIVIDADES SANITARIAS	152		152			
OCIO E TEMPO DE LECER	38	14	52			
OCUPAC. RELACIONADAS COA PESCA		174	174			
CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS		98	98		249	249
OUTRAS OCUPAC. DA CONSTRUCCIÓN RELACIONADAS CO ACABADO DE EDIFICIOS		267	267		30	30
OCUPAC. RELACIONADAS CO TÉXTIL	13		13			
TRABALLADORES NON CUALIFICADOS	21		21			



Para poder comparar mellor as ocupacións máis contratadas e demandadas agrupámolas por CNO (código nacional de ocupación) similares, dentro do mesmo sector cos seguintes criterios:

- Peóns das industrias manufactureiras: non se agrupa con ningunha outra ocupación porque falta información sobre o sector concreto de ocupación e podería ser tanto do sector téxtil como do conserveiro, entre outros.
- Servizos a persoas dependentes: traballadores dos coidados persoais a domicilio; coidadores de nenos en garderías e centros educativos; asistentes domiciliarios.
- Ocupacións relacionadas co comercio: vendedores en tendas e almacéns; dependentes de comercio, en xeral; caixeiros de comercio; repoñedores de hipermercado.
- Ocupacións relacionadas coa restauración: camareiros asalariados; axudantes de cociña; cociñeiros asalariados; pinches de cociña.
- Ocupacións relacionadas coa limpeza: persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares; outro persoal de limpeza; persoal de limpeza ou limpador, en xeral; camareiros de pisos (hostalería).
- Ocupacións agroforestais: peóns forestais; operadores de maquinaria agrícola móbil; traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural; peóns forestais e da caza; traballadores de retén de incendios forestais.

- Transporte e mantemento de vehículos: condutores asalariados de camiós; condutores asalariados de automóbiles, taxis e furgonetas; condutores de autobuses e tranvías; condutores de furgonetas ata 3.5 T; condutores de camiós, en xeral; mozos de carga e descarga, almacén e/ou mercado de abastos.
- Ocupacións de tipo administrativo: empregados administrativos con tarefas de atención ó público non clasificados baixo outras epígrafes; empregados administrativos, en xeral.
- Ocupacións alimentarias: traballadores das industrias do peixe.
- Mantemento de vías, limpeza de praias e condutores de maquinaria de terras: mozos de recollida de lixos – vertedoiros; peóns de obras públicas, en xeral; peóns de obras públicas.
- Actividades sanitarias: auxiliares de enfermería hospitalaria; enfermeiros especializados (agás matronos).
- Ocio e tempo de lecer: arquivistas e conservadores de museos; monitores de actividades recreativas e de entretemento; compositores, músicos e cantantes.
- Ocupacións relacionadas coa pesca: pescadores de augas costeiras e augas doces; mariñeiros de ponte, mariñeiros de máquinas e afíns; pescadores de altura; peóns da pesca.
- Construción de edificios: albaneis; peóns da construción de edificios; encofradores.
- Outras ocupacións da construción relacionadas co acabado de edificios: carpinteiros (agás ebanistas); solladores, colocadores de parqué e afíns; fontaneiros; carpinteiros, en xeral.
- Ocupacións relacionadas co téxtil: xastres, modistas, peleteiros e sombreireiros.
- Traballadores non cualificados: outras ocupacións elementais.

Co fin de realizar a comparación dos datos numéricos cómpre indicar que collemos os datos das 10 ocupacións máis demandadas e as 10 máis contratadas en cada trimestre no ámbito masculino e no ámbito feminino. O número de contratos que aparecen no cadro 12 está realizado a partir do sumatorio das táboas de contratación. En canto ás demandas calculamos a media trimestral que correspondería a cada ocupación e sumamos as ditas medias segundo os nosos grupos sectoriais.

Se realizamos a comparación entres as ocupacións máis contratadas e demandadas agrupadas por CNO segundo os criterios anteriormente sinalados, podemos concluí-lo seguinte:

1.- En varias das ocupacións analizadas (7) atopamos un número superior de demandas con respecto do número de contratacións, concretamente nas ocupacións relacionadas co comercio; coa limpeza; agroforestais; transporte e mantemento de vehículos; ocupacións de tipo administrativo; mantemento de vías, limpeza de praias e condutores de maquinaria de terras; construción de edificios. Estaríamos, polo tanto, ante postos de traballo que se ocupan no mercado laboral aínda que na maioría dos casos a demanda está bastante descompensada xa que se producen moitas máis demandas que contratacións.

2.- Un segundo grupo serían as ocupacións contratadas que non aparecen entre as máis demandadas, isto sucede con 7 das estudadas: peóns das industrias manufactureiras; ocupacións alimentarias; actividades sanitarias; ocio e tempo de lecer; ocupacións relacionadas coa pesca: ocupacións relacionadas co téxtil; traballadores non cualificados. Isto indicaría que, probablemente, parte deste tipo de contratacións non se están a facer a través do SPEG.

3.- No caso das ocupacións relacionadas cos servizos a persoas dependentes; coa restauración e outras ocupacións da construción relacionadas co acabado de edificios, aínda que aparecen entre as primeiras tanto en número de contratos como en demandas, a contratación supera a demanda polo que quedarían prazas vacantes, que probablemente ó igual que no caso anterior non se estarían a xestionar a través do SPEG.

4.- Este ano, ó igual que no 2017, non temos ningunha ocupación entre as máis demandadas que non aparece entre as máis contratadas o que podería apuntar a unha mellor adecuación entre oferta e demanda e á mellor orientación e intermediación laboral no territorio se esta tendencia se confirma en próximos anos.

Cómpre salientar que as ocupacións mozos de recollida de lixos – vertedoiros e peóns de obras públicas, en xeral son dúas das ocupacións máis demandadas en ambos sexos porque son códigos que os concellos utilizan para as súas ofertas de limpeza de praias, rúas e mantemento de vías e obras polo que as persoas demandantes desta ocupación solicitan este traballo aínda que despois non aparece reflectido nos contratos porque se especifican ocupacións como persoal de limpeza de praias, operario de servizos múltiples,...

Tanto as contratacións como as demandas se caracterizaban por reflectir a segregación horizontal por sexo en sectores e ocupacións, aínda que este ano continúa a tendencia no aumento do número de demandas por parte das mulleres en ocupacións masculinizadas. Así destacamos as ocupacións de mantemento de vías e limpeza de praias e as ocupacións forestais. Cómpre salientar que esta tendencia da demanda feminina vén favorecida pola intervención da administración xa que eses códigos soen empregarse para as contratacións dos concellos de limpeza de praias, mellora en espazos e vías, cuadrillas de extinción de incendios...

Á vista dos resultados anteriores cómpre intervir e orientar cara a demanda naquelas ocupacións de postos que non se cobren. No caso dalgunha ocupación pode ser un problema de elección na codificación porque ó existir tantas ocupacións similares ás veces non se solicita traballo nun código pero si aparecen outros códigos similares.

Outro problema é a dificultade para codificar algunha ocupación, un exemplo claro son as contratacións que fan os concellos para a tempada de verán xa que en moitas ocasións contratan persoal como operarios de servizos múltiples ou para limpeza de praias, códigos que non existen no CNO co que cada concello á hora de realiza-la oferta de emprego no SPEG o fai por un código distinto. No caso exposto nos concellos da zona poden empregarse ata 3 códigos distintos (peóns de obras públicas, en xeral; mozos de recollida de lixos – vertedoiros, peóns forestais).

De todo isto concluímos que o obxectivo da orientación segue a ser a mellor relación entre os recursos humanos e as necesidades do mercado laboral a través de mecanismos informativos e formativos que equilibren recursos e necesidades.